

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A COORDINACIÓN SOCIOSANITARIA CON MENORES INSTITUCIONALIZADOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

1. Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa Consellería de Política Social o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos contados desde o día seguinte da súa sinatura.

2. Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Promover a coordinación entre a Consellería de Política Social e o Servizo Galego de Saúde, concretamente dende o Centro de Menores Ferrol I e o Servizo de Psiquiatría da EOXI de Ferrol, para garantir unha axeitada atención á saúde mental daqueles menores que se atopen en situación de acollemento residencial naquela franxa de idade na que, superada a idade pediátrica, continúan sendo menores de idade (16-18 anos).
- A abordaxe en réxime ambulatorio destes pacientes en acollemento residencial no Centro de Menores Ferrol I que presenten diferentes trastornos mentais, o Servizo de Psiquiatría da EOXI de Ferrol asignará a un único facultativo a función de atención directa para eses menores que presenten necesidades de atención especializada de saúde mental, cunha dispoñibilidade finalista específica que garanta o establecemento dunha rede flexible e funcional para a atención destes pacientes.

3. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

4. Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- En que a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, a protección e a

tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos na normativa vixente.

- En que o acollemento residencial comporta o ingreso dun menor nun centro residencial de titularidade da Comunidade Autónoma ou dunha institución pública ou privada colaboradora, co obxecto de recibir a atención, a educación e a formación axeitadas que, polo menos temporalmente, non lle poida proporcionar a súa propia familia.
- Que no que se refire á atención sanitaria destes pacientes, o Servizo Galego de Saúde é o organismo que ten conferidas as funcións para o adecuado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, e que integra as medidas conducentes á promoción e protección da saúde na Comunidade Autónoma galega.

5. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 25 de outubro de 2017.